

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a proposta de bases para confeccionar unha listaxe que se utilizará para substitucións en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas do titular do posto de encargado/a da biblioteca municipal, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con fin de cubrir ditas necesidades en casos excepcionais e de carácter urxente e inaprazable necesidade, efectuada pola Concelleira de Servizos Sociais e Maiores, Persoal, Igualdade e Benestar animal.

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal que vai conformar a bolsa de traballo, e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras para confeccionar unha listaxe que se utilizará para substitucións en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas do titular do posto de encargado/a da biblioteca municipal, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con fin de cubrir ditas necesidades en casos excepcionais e de carácter urxente e inaprazable necesidades, polo procedemento de concurso-oposición libre.

SEGUNDO.- Dispoñer a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro da anuncios da Sede Electrónica do concello [<http://meis.sedelectronica.gal>]; publicándose o texto íntegro das presente bases, completas, na Sede Electrónica e páxina web do Concello: www.meis.gal.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

